

Reunión IB 21/05/2012

Asistentes: Asemblea de Cambre, Oleiros e Culleredo (Ria) Arteixo, Agra do Orzán, Monte Alto

### **Asemblea de Cambre Oleiros e Culleredo (Ria)**

- Información de Barrios.

O venres fixemos pegada de carteis e reparto de folletos no paseo marítimo de O Burgo para a manifestación do 12 de Maio.

O domingo estibemos no feirón de Vilaboa repartindo folletos informativos para a asemblea do 15 de Maio.

O venres 18 estivemos na reunión da comisión transversal para preparar o foro sobre a debida.

- Propostas.

A partir das ideas xurdidas na asemblea do 15 de Maio que convocamos como Rede baixo o lema "Contra os ataques do goberno e o poder financeiros" estamos discutindo un plan de traballo a desenvolver.

### **Asemblea de Arteixo**

- Información:

nós estamos a organizar outro mercado de troco, seguramente o vindeiro domingo, se da tempo a preparalo, a partires del queremos difundir e activar de novo as asembleas, (a última fora a de marzo). A temática en principio é unha reflexión sobre a propia asemblea, os problemas... as fortalezas. Queremos activar de novo os grupos de traballo que agora mesmo só nos reunimos para o fanzine e as hortas.

Por outra banda, dicir que se chegou ó voso coñecemento unha "colaboración" co concello e a asemblea, é unha idiotez que non sei por que divulgou a radio Arteixo, canto a unhas actividades que se fixeron para o 17 de maio, en todo caso, ben é verdade que a xente que participou foi toda da asemblea, e con bastante éxito e excaso custe. O que nos anima a seguir nese campo de acción.

- Propostas:

Para Arteixo, cremos que a acción directa é a mellor mediante actividades. Por iso imos ver de deseñar unha serie delas, traballando ca rapazada dos institutos, á que vemos moi desconectada. Así mesmo traballar cas crianzas para chegar ós proxenitores... pero aínda non temos nada pechado.

### **Agra do Orzán**

#### **1. Actividade anterior (TROCO) (12-05-2012)**

No troco do 12 de Maio a actividade estíbese a desenrolar con normalidade, cando chegou a policía local e nos mandou recoller.

Despois de ter todo retirado hacia un lado e medio recollido, volveu a aparecer xa pedindo identificacións de forma sumamente autoritaria. Ante algunhas gravacións amenazaron con sacar móbiles. As gravacións foron subidas a internet. E ao final identificaron a tres persoas.

Os veciños, en masa, reaccionaron queixándose de que fixesen levantar a actividade do troco.

- Desde a Agra decidimos:

Enviar un comunicado ao concello, denunciando a actividade policial, buscando a información precisa para que teña unha base legal. Enviar tamén comunicados á prensa.

- Redetroco ofreceuse a botarnos unha man co necesario e tamén condenan os feitos.

Video grabado: <http://www.ustream.tv/recorded/22528994>

Fotos: <https://lavozdelagra.wordpress.com/2012/05/12/12m15mcoruna-la-policia-local-obliga-a-retirar-el-mercado-de-troco-del-agra-del-orzan/>

## 2. Valoración #12M15M

- Manifestación 12M:

Boa afluencia apesar de coincidir cun partido do Dépor.

Gustounos moito a sentada no Obelisco, invadindo todos os carriles.

A megafonía foi moi pobre, puidose ter falado cos bares o día anterior a ver se podíamos enchufar o equipo de son.

Foi boa idea comunicar, antes de ler o manifesto, a posibilidade de firmar a ILP da dación en pago.

No tocante ás 12 da noite, gustounos a iniciativa de xuntarnos pero o acto en sí non nos convenceu.

Habería que pensar outra alternativa.

Grito de silencio <http://www.ustream.tv/recorded/22542272>

- Domingo 13

Aínda que non houbo moita xente, vemos positivo a publicidade que se fixo dos trocos: Agra, Montealto e incluso información de que se fai tamén en Palavea.

Gustaríanos que houbese a charla de feminismos.

(Mesa redonda de vivenda: <http://www.ustream.tv/recorded/22567767>)

- Asemblea 15M

Vídeo do acto coas velas:

[http://www.youtube.com/watchfeature=player\\_embedded&v=o\\_aOel9ZNn8](http://www.youtube.com/watchfeature=player_embedded&v=o_aOel9ZNn8)

Positivo: Moita xente e boa participación.

Negativo para reflexión: Non foi unha asemblea, senón máis ben un debate e/ou exposición de ideas con propostas escasas. Tras a súa análise cremos que falta o costume de facer verdadeiras asembleas, que se deberían facer máis frecuentemente para que nós e máis a xente que asiste colla o hábito de formular propostas, decidilas e implicarse nas mesmas. Tras un amplo debate no noso grupo cremos que é un erro que temos e nos que non se evolucionou despois dun ano.

## 3. Espacios públicos (calle y Ágora)

- Recordaréis que hace un tiempo habíamos solicitado el Ágora como ubicación para la última xuntanza de la rede. Pues bien, nos han respondido (justo el día despues de la xuntanza) lo siguiente:

*“Disculpe la demora en la respuesta, pues veo que ya no será posible cedérsela en la fecha deseada. Para solicitar un aula sería necesario que fuesen algún grupo legalmente constituido y que explicase un poco más quienes y para qué se van a reunir, también es necesario como ya ve que nos de un poco más de tiempo.”*

- Nosotros les enviamos posteriormente el siguiente mensaje pues no dábamos crédito a lo que leíamos:

*“ Bo día, Agradecemos moito a súa resposta ao noso correo o día 22 de Abril (cando xa estaba vencida a data que solicitabamos), e gustaríanos plantexar algunhas dúbidas para que nos aclarasen:*

1. *No tocante á antelación coa que debemos solicitar o uso das instalacións poderíannos indicar con canta antelación hai que solicitalo para que nos poidades contestar con tempo*
2. *Serían tan amables de indicarnos onde están reguladas as condicións para poder solicitar o uso do centro? Poderíamos consultalo nalguna web ou acudir en persona alí e que nolas entregasen?*

*Parécenos canto menos sorprendente que, un centro social construído na súa maior parte con fondos do plan Urban, dotados pola UE para a rexeneración do Agra do Orzán plantexe que para o uso do mesmo os veciños teñan que estar legalmente constituídos.*

*Gracias de antemán pola súa resposta e reciban un cordial saúdo.”*

- Actualmente estamos esperando resposta. Seguiremos reclamando o Ágora como un espacio aberto ós veciños do barrio.

#### 4. Foro de intercampadas

Como iniciativa da nosa asemblea e do grupo de comunicación da Rede plantexamos no anterior foro de Intercampadas que podía darse a posibilidade de organizalo en Coruña.

Qué asembleas se implicarían na organización?

#### 5. Varios

- Non ás fumigacións: Puxémonos en contacto [contacto@fumigacionsnon.org](mailto:contacto@fumigacionsnon.org) coa plataforma para ofrecerlles o noso apoio. Estamos á espera de resposta.
- Tomalaplaza: Mandouse un correo co enlace do noso blog e responderon que está pendente de que o moderador o revise.
- Interbarrios 14M: Aínda que non fose unha reunión de Interbarrios convencional, deberíase ter fixado a hora e o lugar na acta do pasado IB e contar con que hai grupos de traballo que non poden asistir.
- Condenamos o encarcelamento de Laura, agora xa en liberdade.
- **Recordar que a data fixada para ter os BORRADORES DO PROTOCOLO era esta xuntanza do 21 de Maio.** <http://titanpad.com/uFtQVqd47i>

#### **Asemblea Popular de Monte Alto:**

- Na próxima asemblea temática (7 de Xuño) celebramos o ano de traballo no barrio (pinchos, monólogo). Faremos unha valoración dos días 12m-15m e outra do traballo do ano. Seguindo o exemplo da asemblea do 15 de maio, priorizaráse o micro aberto para que se plantexen propostas, dúbidas, críticas, etc.

- Este sábado día 26 faremos mercadiño de troco no Campo de Marte (xa temos todo o necesario).

- Propoñemos falar na próxima reunión presencial das valoracións de cada asemblea sobre as actividades do #12m15m (manifestación, asemblea, charlas, etc.) para poñer en común as auto-críticas, ideas, perspectivas...